

Programa III Encontro Emega



'Presentación'

O programa Emega, da Secretaría Xeral da Igualdade, ten como finalidade promover o espírito emprendedor e a actividade empresarial das mulleres. Este programa vén desenvolvéndose con moito éxito co obxectivo de dar apoio económico ao emprendemento feminino e á consolidación de proxectos empresariais liderados por mulleres como medio axeitado para a súa promoción, participación e progresión no mercado laboral.

A organización e celebración deste III Encontro de Emprendedoras do Programa Emega ten como obxectivo formar una REDE EMEGA da que parta formación, reunións presenciais e virtuais das diferentes edicións destas mulleres que emprenderon en moi diferentes sectores, creando tecido empresarial galego, inspirando a outras mulleres e liderando empresas que se están consolidando no tempo.

É un Encontro que aporta visibilidade e voz ás emprendedoras, permite coñecer a actividade empresarial liderada en feminino e ofrece a oportunidade de facer rede profesional que fortaleza a estas empresas.

Deste III Encontro partirán diferentes actividades que darán lugar á creación dunha REDE EMEGA.

Antes da celebración do III Encontro organizarase formación online para establecer as bases de dous temas fundamentais como son a dixitalización das empresas e o empoderamento e intelixencia emocional das emprendedoras.

INFORMACIÓN:


Data: martes 15 de decembro de 2020

Horario: de 10.00 a 14.00

Lugar: EGAP, Escola Galega de Administracións Públicas

Rúa de Madrid, 2, 15707 Santiago de Compostela, A Coruña

Salón de Actos e sala anexa. Planta Baixa





Programa III Encontro Emega



Formación para as emprendedoras

Datas: 7, 9, 10 e 11 de decembro de 2020

Temáticas:

- *Empoderamento feminino e acompañamento emocional*
- *Transformación dixital para as emprendedoras*

III Encontro de Emprendedoras Emega

10.00 – 10.30 Benvida e apertura do acto

María Jesús Lorenzana Somoza

Conselleira de Emprego e Igualdade. Xunta de Galicia.

Antonio López Díaz

Reitor da Universidade de Santiago de Compostela.

Proxección dos VIDEOS EMEGA DA SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE.

Presentación da REDE EMEGA, tecida coas mulleres que participan na formación e que da inicio a unha canle de comunicación para as emprendedoras Emega.

Programa III Encontro Emega



10.30 – 11.00 Coloquio: “ Son muller, son galega e son emprendedora”.

- Entrevistadora:

Susana López Abella

Secretaria Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia.

- Entrevistada:

Chelo López Rodríguez

Leite Gandería Quitián.

11.00 – 12.00 Mesa redonda EMEGA: FALAN AS MULLERES de como o liderado feminino pode ser una saída ante as crises económicas.

Mesa redonda formada por mulleres que foron beneficiarias do programa Emega. O tema a desenvolver estará centrado en como a forma de emprender, baseada no liderado feminino, é flexible, resilente, colaborativa, cooperativa e iso conleva implícito ser parte da solución a momentos de transformación e cambios empresariais.

Diana Lameiro Aznar

Clínica Centro Lingoreta.

Gelines González Rodríguez

Empresa agroalimentaria Shiitake Pobra de Trives.

Laura Reyes Quintela

Centro educativo Trisquel International School.

Mónica Seoane Castromil

Sector turístico: 20Xvinte.

Modera a mesa:

Eva López Barrio.

Titira do Programa Emega.

Woman Emrende. Universidade de Santiago de Compostela



Programa III Encontro Emega



11.30 – 13.30 FEIRA E EXPOSICIÓN DAS EMPRESAS.

Visita (con retransmisión por internet) ás casetas das emprendedoras beneficiarias das axudas programa Emega, coa finalidade de:

- Coñecer as actividades empresariais de cada unha das expositoras, e permitirilles facer unha presentación da súa actividade.
- Tecer unha rede de contactos entre as emprendedoras.
- Asistencia (internet) de público interesado no emprendemento, compartir e dar a coñecer a Feira expositiva das emprendedoras do Programa de Axudas Emega.

Entrevistaremos ás emprendedoras para que nos presenten e falen dos seus proxectos. As entrevistas serán retransmitidas en directo, por streaming.

13.30 – 14.00 RESUMO das principais actuacións da Secretaría Xeral da Igualdade de apoio ao emprendemento feminino en Galicia, e conclusións do III Encontro das Emprendedoras do Programa Emega.

Aurora Patiño Doval

Subdirectora Xeral de Promoción da Igualdade. Secretaria Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia.

Eva López Barrio

Programa Woman Emrende. Universidade de Santiago de Compostela.

14.00.- CLAUSURA do III Encontro das Emprendedoras do Programa Emega.

Elena Mancha Montero de Espinosa

Directora Xeral de Relacións Laborais da Consellería de Emprego e Igualdade. Xunta de Galicia.

Susana López Abella

Secretaria Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia.

Fondo Social Europeo
"O FSE inviste no teu futuro"

